



**COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA (CAMPUS VIGO-PONTEVEDRA)
DA UNIVERSIDADE DE VIGO
COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Rexistro: UVIGO 1202 N° 200300002278

Universidade de Vigo 11 de xuño de 2003

Unha serie encadeada de queixas, formuladas por parte dos nosos representados, sobre a xestión dalgúns asuntos que teñen que ver co servizo de RR HH nos obrigan a facer as seguintes suxestións e preguntas.

Consideramos que é preciso dar a coñecer por escrito os criterios que se están a empregar para xestionar as peticións de cambio de quenda e /ou localidade e outra información complementaria que poida aclarar as preguntas que se fan moitos traballadores e traballadoras. Así, por exemplo, é preciso establecer o compromiso que se adquire cando se fai unha solicitude, que ocorre cando se presenta outra con posterioridade, como se consideran namentres se resolve un concurso de traslados ou que sucede cando o solicitante está de baixa. Logo de ser atendida favorablemente unha solicitude, tamén nos preguntamos se durante o tempo que dura esta situación a persoa beneficiada pode volver a facer unha nova solicitude ou, por contra, se ten que regresar ó seu posto de orixe para poder facelo.

En canto as listas de agarda, aínda que neste asunto si temos normativa, a representación do persoal laboral consideramos que é necesario matizar conceptos como o de mellora de contrato e deixar ben claro cal é o criterio a seguir no caso de que o traballador ou traballadora a substituír sexa dunha categoría declarada a extinguir. Tamén, por ter sucedido máis dunha vez, é necesario regulamentar que se fai cando, por mor das dificultades implícitas nesta xestión, se salta a lista ou se chama a quen non lle toca.

Unha vez elaborados e negociados, nos ámbitos oportunos, os criterios e cambios que suxerimos a información resultante, para que estea o alcance de todos e de todas, é necesario publicala na web do servizo.

Polo Comité de Empresa Ourense

Polo Comité de Empresa de Pontevedra

M^a Jesús Losada Rodríguez

Manuel Velasco Graña

SR. XEFE DE RR. HH. DA UNIVERSIDADE DE VIGO